

APELIDOS E NOME	DNI	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	LOCALIDADE	CARÁCTER
CORGOS LÓPEZ-PRADO, MIGUEL	32.822.280	EFC030000515770007	X. SERVICIO RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	PROVISIONAL
CALVO OTERO, Mª DEL MAR	32.766.578	EFC030000215770005	X. SERVICIO PLANIFICACIÓN E XESTIÓN CONTABLE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	PROVISIONAL
BRAGE DÍAZ, Mª DE LOS ÁNGELES	32.662.972	EFC030000415770007	X. SERVICIO CONTROL FINANCEIRO ENTES PÚBLICOS E ASIMILADOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	PROVISIONAL
PÉREZ MARTÍNEZ, JOSÉ ANTONIO	33.317.910	EFC991000032001145	INTERVENTOR HABILITADO PARA GASTOS	OURENSE	PROVISIONAL

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 24 de xaneiro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir como profesor de ensino secundario na especialidade de francés.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para impartir:

Especialidade: francés.

Titulación: licenciado en filoloxía francesa.

O prazo para presenta-la instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ó deste anuncio no DOG.

O baremo de contratación e o modelo de solicitude atópanse na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 3 de xaneiro de 2002 pola que se nomea catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de fundamentos da análise económica, do departamento de Análise Económica e Administración de Empresas, a Carlos Pateiro Rodríguez.

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulga-lo concurso que convocou esta universidade por Resolución do 12 de marzo de 2001 (BOE do 4 de abril), para a provisión da praza número 01/002 de catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de fundamentos da análise económica, do departamento de Análise Económica e Administración de Empresas desta universidade,

a favor de Carlos Pateiro Rodríguez, e unha vez que o interesado acredítase os requisitos ós que alude o apartado 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, no uso das atribucións que lle confire o artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Carlos Pateiro Rodríguez catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de fundamentos da análise económica, do departamento de Análise Económica e Administración de Empresas desta universidade.

A Coruña, 3 de xaneiro de 2002.

José Luis Meilán Gil
Rector de Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 2 de xaneiro de 2002 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecología, do departamento de Ecología e Biología Animal, a Pablo Serret Ituarte (praza 55/2000).

Consonte coa proposta formulada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución desta Universidade de Vigo do 20 de decembro de 2000 (BOE do 12 de xaneiro de 2001), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecología, do departamento de Ecología e Biología Animal, a prol de Pablo Serret Ituarte con documento nacional de identidade número 817538, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Pablo Serret Ituarte profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecología, do departamento de Ecología e Biología Animal.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.